



*Santiago de Compostela, 13 de maio de 2013*

**Pazo do Hórreo, s/n  
15702 Santiago de Compostela**

Estimado portavoz:

O Partido Popular incorporou no seu programa electoral das últimas eleccións autonómicas o seu proxecto para reducir o número de deputados no Parlamento de Galicia, sempre dentro do previsto no artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia (que fixa o número de escanos entre 60 e 80 para garantir a representatividade das diversas zonas do territorio galego).

Sendo intención do Grupo Popular darrle cumprimento a este compromiso electoral, apostamos firmemente por acadar o máximo consenso posible nas decisións que se adopten. Por elo, cremos que sería útil manter unha reunión cos portavoces dos demais grupos parlamentarios representados na Cámara para explicar a redución que propoñemos, así como outras cuestións susceptibles de ser abordadas (regulación legal dos debates electorais nos medios públicos de comunicación, duración das campañas, etc).

Quedando á espera da túa resposta, recibe un cordial saúdo,

**Pedro Puy Fraga**  
Portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia